

- 07/PNP-0115(4411)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para favorecer o recoñecemento social, económico e profesional das mulleres labregas

BOPG núm. 115, do 07.04.2006

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que adopte as seguintes medidas para favorecer o recoñecemento social, económico e profesional das mulleres labregas:

1.- Que en todos os rexistros públicos, dependentes da Consellería do Medio Rural, as mulleres poidan inscribirse como cotitulares da actividade e da explotación de cara a conseguir a equiparación dos seus dereitos laborais.

2.- Que en todas as convocatorias de axuda que publique a Consellería de Medio Rural se continúe incluíndo a incorporación de mulleres á actividade agraria e/ou á cotitularidade das explotacións como elemento que se debe ponderar para a concesión das axudas.

3.- Que en todos os departamentos do Goberno se establezan de forma transversal iniciativas de carácter económico, social, de dotación de servizos públicos e de divulgación de actitudes e valores que faciliten as condicións de vida e de traballo das mulleres do rural en igualdade.»

- 07/PNP-0126(6158)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pita Varela, Jaime Alberto

Sobre a realización de xestións para a reposición das máquinas Talgo avariadas tras a colisión producida o 21 de maio de 2004 na liña entre Galicia e Madrid

BOPG núm. 128, do 28.04.2006

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta da Galicia a que demande, do Ministerio de Fomento e de Renfe, un mantemento óptimo das infraestruturas terrestres e do material móbil que afecta o transporte ferroviario de Galicia. Así mesmo, solicita que inclúa nos orzamentos para o ano 2007, en coordinación co Goberno galego, as partidas orzamentarias suficientes para a mellora cualitativa destes servizos.»

- 07/PNP-0134(7270)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Blanco Parga, Carlos Fernando
Sobre a declaración de Galicia como territorio desnuclearizado

BOPG núm. 137, do 11.05.2006

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia:

1.- A dirixirse ao Goberno do Estado para que se leven a adiante as actuacións necesarias co fin de que Galicia sexa de maneira efectiva territorio desnuclearizado.

O alcance desta declaración implicará:

o A prohibición de localizar no territorio galego un cemiterio nuclear ou depósitos de almacenamento de residuos nucleares.

o A prohibición de que en Galicia se constrúan centrais nucleares.

2.- Continuar co impulso de políticas de aforro e eficiencia enerxética, ademais de incrementar o uso das enerxías renovables no noso modelo enerxético.»

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2006

María Tereixa Paz Franco

Vicepresidenta I.ª